

# **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A ORDENACIÓN DA MOBILIDADE NO CASCO HISTÓRICO DE CUNTIS**

**Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis**

Cuntis, 26 de marzo de 2023

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1

No mes de agosto de 2019, un Bando de Alcaldía decretaba con carácter inmediato o peche mediante vallas plásticas de obra das rúas do casco histórico da Vila do Baño. Sen ningunha información previa, sen diálogo nin consenso cos veciños, veciñas, comercios e negocios afectados, aquela medida prolongaríase de maneira indefinida e prosegue aínda a día de hoxe. Con carácter xeral, dende o mediodía dos sábados ata a noite dos domingos, queda teoricamente prohibida a circulación de vehículos pola Rúa da Igrexa dende a N-640 ata a Praza das Árbores, Praza de Ferrol e Praza de Galicia. Tamén se teñen implantado estas prohibicións, de maneira precipitada e con escasas horas de marxe, se algún día festivo ten cadrado en venres ou luns ou durante xornadas festivas.

O movemento de vallas, en ocasións tiradas polo vento ou por algún coche, así como o movemento de xardineiras, deixa unha imaxe patética para o propósito que se pretende. Debido ás numerosas excepcións que poden producirse, a comezar polos vehículos que quedan dentro do perímetro na hora de mover as vallas, ou posibles emerxencias que puideran darse, etc. nin tan sequera catro anos despois pode darse por conseguido o propósito inicial. Para os veciños e veciñas do casco histórico é unha incerteza permanente, e para os/as visitantes algo insólito que non se atopa en ningunha outra vila do País, cando menos executado de maneira tan lamentable. Ademais, ao resultado hai que engadir os problemas de estacionamento que se producen nas inmediacións das propias vallas provisionais, tanto na N640, como Praza de Galicia, ou na Ponte. Non existe información pública onde consultar cales son as exactamente restricións, nin cando nin como se aplican, nin se existen excepcións, nin réxime sancionador, etc.

A implantación desta medida produciuse co agravante de perder a vila de Cuntis, fai xa case dous anos, o servizo de Policía Local, dificultando polo tanto o control da mobilidade,

das restricións e do estacionamento. É unha evidencia que, especialmente durante as fins de semana, Cuntis padece un verdadeiro caos circulatorio e de mobilidade. As queixas de veciños, veciñas e negocios do casco histórico son constantes, e a preocupación ante unha eventual emerxencia grave, é moi maioritaria. Son moitos/as os/as que reclaman habilitacións que identifiquen aos/ás residentes a fin de conciliar as restricións de mobilidade co exercicio dos dereitos de acceso ás vivendas en determinadas situacións.

Veciñanza é favorable á protección e conservación do casco histórico da nosa vila mediante medidas de restrición da circulación de vehículos e zonas de uso peonil exclusivo. As directrices europeas en materia de mobilidade, así como a vinculación de axudas públicas a criterios de humanización de espazos, indícanos que o futuro inmediato pasa pola redución de vehículos nos centros das vilas e cidades. En Cuntis, ademais, debemos contar coa necesidade de protexer o maior atractivo que temos, como é noso casco histórico e o seu valor patrimonial, que é ademais un potencial económico en materia turística. É por isto polo que, a imaxe que durante os últimos catro anos vén ofrecendo a nosa vila resulta contraproducente en todos os sentidos, xera molestias evitables e crea situacións de risco que puideran derivar en grandísimas responsabilidades en caso de emerxencias graves.

O movemento de mobiliario urbano para restrinxir temporalmente o acceso e a mobilidade é unha práctica que, ademais de resultar certamente lamentable, non ten en conta criterios de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, ordenación do tráfico nin do estacionamento, etc.

2

Cuntis debe avanzar cara a medidas de protección e conservación do casco histórico mediante a restrición total do acceso ao mesmo para vehículos a motor, contemplando todas as posibilidades, excepcións e situacións que poidan producirse. O Concello de Cuntis contratou a elaboración dun Plan Director do Casco Histórico, por valor de 15.000 €, que tiña un prazo de execución que finalizaba antes de finais do ano pasado. Rematado o primeiro trimestre do presente exercicio, á Corporación Municipal non lle consta nin a existencia de dito plan nin moito menos as conclusións nin directrices que establece. En todo caso, mentres dito documento non é público, o goberno municipal ten a obriga de actuar nesta cuestión e aplicar medidas de sentido común que poñan fin a unha situación de improvisación que, lonxe de beneficiar, unicamente xeran dificultades e incertezas.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1. Facer público o Plan Director do Casco Histórico e abrir un proceso de información pública e participativa dos/as residentes e comerciantes afectados/as para avanzar cara a protección total do Casco Histórico.
2. De maneira inmediata, mudar o procedemento de peche das rúas mediante o movemento de mobiliario urbano para evitar dificultades na xestión de eventuais emerxencias e erradicar a lamentable imaxe que durante estes catro anos vén amosando o noso casco histórico.
3. Contemplar a identificación de residentes a fin de facilitarlles o acceso ás súas propiedades en función das necesidades que poidan presentar.